

A LINGUA LITERARIA DECIMONÓNICA (II): ASPECTOS GRÁFICO-FÓNICOS E MORFOSINTÁCTICOS¹

Xosé Ramón Freixeiro Mato (UDC)

Se os autores do XIX non tiñan máis modelo que a fala popular, ben podemos imaxinar a influencia que a lingua espontánea falada polo pobo debeu ter na configuración do modelo de lingua literaria dese período. Esa influencia operou simultaneamente nun duplo e oposto sentido: por unha parte, prodúcese unha tendencia a imitar os seus trazos máis característicos por fidelidade ao mesmo pobo que preservou o idioma, e por outra, conscientes os autores da progresiva e intensa castelanización de que esa fala popular era obxecto, inténtase exaxerar e mesmo adulterar certos trazos na procura dunha artificial diferenciación co castelán naqueles casos en que as formas lingüísticas resultaban próximas ou coincidentes. Esta dupla tendencia popular e diferencialista vai persistir durante todo o século XIX.

1. O modelo gráfico

Dada a ruptura na transmisión escrita do galego durante os séculos escuros e debido tamén ao feito de os escritores seren alfabetizados en castelán, non resultará nada estraño que o modelo gráfico desta lingua inflúa fortemente na emerxencia do galego escrito no XIX, así como que se estableceza a polémica

entre etimoloxistas e non etimoloxistas. Dentro da relativa anarquía gráfica derivada do abandono en que a lingua se achaba, van conviver dous modelos ortográficos: o tradicional ou etimolóxico, caracterizado polo emprego de *j* e *g + e, i* para representaren os sons fricativos palatais xordos que na base latina se representaban desa forma, e o modelo antietimolóxico ou popular, con *x* como grafía única, independentemente da orixe etimolóxica. Para alén doutras moitas vacilacións e escollas gráficas, ese foi o nó da disputa ortográfica durante o século XIX, aínda que tamén se ensaiaron outras fórmulas de representación gráfica dese son: *ela mui resolta dixso*; “*quixsera ter tamen un fillo para que dese asua vida pola Relixsion, è pola Patria, acabando co esas langostras.*” *Tiben noticia cò Exsercito se biñera de Portugal, è que se dirixsia a Villafranca* (PRO 21); *Y os pa'xariños ó verme / Din cantand' en son de quei'xa* (FN 82).

Polo xeral son aqueles autores con máis preparación académico-filolóxica os que seguen a opción etimolóxica, minoritaria aínda que relevante: *Nen a negra inveja, / [...] Ja temor me causan* (OA 98); *De gente acrutado-l-os trèns à porfia* (P 107); *Que hoxe é o dia do Señor San Joan* (PG 57); *Mais como ja levo dito, o xastre era se bon traballador, mais larpeiro, e inda non se coidaba ben cheo se non se atopaba xeito para recuncare* (RA 85). Dada a ausencia do galego na escola, non é raro acharmos incoherencias como eses *hoxe* e *xeito* das últimas citas nin tampouco incompreensións de parte dunha maioría iletrada, feito de que os autores etimoloxizantes eran conscientes: *Os que pensan que gentes mal escrito / Está con g, poñamos por enxemplo, / Ou digan que taberna, pan, é carne / Son termos castellanos non gallegos: / Aqueles que sentenzan que jamais / Non è da nosa terra puro termo* (GG 24). Así, Francisco M^a de la Iglesia sentiuse obrigado a incluír a seguinte “Adevertencia” ao inicio da súa obra teatral *A fonte do xuramento*, estreada e publicada en 1882:

A lingua literaria decimonónica (II): aspectos gráfico-fónicos e morfosintáticos

An que son partidario d'a Ortografía etimológica, á falicidade (*sic*) con que se confundían n-os ensayos os encargados de representar este drama, obrigáronm'a empregar a x en xeral n-os casos en que debía escribir con g ou j (*FX*).

Outro aspecto gráfico polémico no século XIX foi o uso de *ao* ou *ó* para a representación da contracción da preposición *a* e o artigo masculino. Aínda que a opción maioritaria é o emprego de *ó*, non sempre grafado da mesma forma, non faltan casos de utilización da outra grafía: *Na sen ao poñelas / Parece que arden* (OA 48); *Irás á ò castro de Vedra / n-ò punto en qu'ò dia asome* (SV 88); *Eneso fixô ven; porque á o fin é ó cabo...* (DA 4); *En de chegando á casa facía vir acarón seu aos cativos, c'o agallo de que lle gustaban, ó tiñan entretido c'os seus xogos e ao mesmo tempo podían axudarlle* (RA 85). A representación con *ó*, certamente máis explicitamente indicativa da crase ou contracción que se produce na fala, realizouse baixo diferentes formas (*ó, o, ò, ô*) e non sempre de maneira clarificadora, a alternaren ás veces varias nun mesmo texto e confundíndose en moitos casos co artigo; tamén era problemática a representación con letra maiúscula: *Allargall'a mau / 'Os fillos enfermos* (NM 63); *Que leva ôs paus enguirdad' a sorte, / 'O croalo en Deptford Sabel primeira* (LG 22); *doulles este gusto ó Sr. Mahy, è camiñamos co él ò frente para Lugo* (PRO 37).

Por outra parte, non faltaron intentos por representar graficamente a distinción fonolóxica entre vogais de grau medio abertas e fechadas, de cuxa conveniencia moitos autores eran conscientes; mais iso non era tarefa sinxela, como pon en relevo o seguinte exemplo: *Y-ainda bèn non dirixin â imaxe unha òlláda de súprica, tòldáronsem'os òllos, restreguéinos co'as beiras d'a mau, y ó ollar nòvaménte pra éla, éla m'ollou tamén; pro qu'òlláda, Tio Andres, máis agarimosa* (NM 66).

En xeral, fóra da representación concreta dos sons fricativos palatais, o que predomina na escrita (usos de *h*,

distribución *b/v*, acentuación, etc.) é o modelo gráfico do castelán, como até certo punto semella lóxico por os autores e autoras se teren alfabetizado nesa lingua: ¡*Miña hirmá* (FL 16); *sacude os hombreiros* (P 107); *probes horfiños!* (HP 3); *dos nosos abós* (SO 127); *ahí donde vosté está sentado* (ST 3).

2. Aspectos fónicos

O feito de a vida do galego moderno, onde se insere a lingua decimonónica, transcorrer moi maioritariamente nunhas condicións sociais de abandono, lonxe dos usos escritos normais e do ámbito do ensino, seguindo un lento proceso de desprestixio público e de deturpación interna, ao sofrer as interferencias constantes da lingua do poder e lingua oficial, fixo que os fenómenos fonéticos de alteración ou vacilación vocálica e consonántica, comúns nalgunha medida a todas as linguas, en galego se visen acentuados por falta dun modelo común unificado e transmitido através do ensino, así como por uns hábitos fonéticos vulgarizados na fala popular por ausencia dese modelo culto; e, noutra medida, por afán diferencialista na lingua literaria ao careceren os autores e as autoras dunha necesaria alfabetización na lingua propia e ao estaren nun evidente estado de atraso ou abandono os estudos filolóxicos sobre o galego.

2.1. O vocalismo

O sistema vocálico do galego no século XIX non difería do actual, pois, malia a ausencia de documentos sonoros, os textos literarios fornécennos información suficiente para podermos constatar a existencia de sete fonemas en posición tónica ou pretónica, con dous graus de abertura nas vogais medias, neutralizados en posición postónica e final, onde o sistema se reduce a cinco e tres fonemas vocálicos respectivamente. É, pois, a oposición entre *e*, *o* abertos e fechados un dos trazos máis relevantes

tamén do vocalismo decimonónico. Mais a escrita non arbitrou naquela altura, o mesmo que acontece hoxe, ningún sistema gráfico eficaz de distinción entre esas vogais. De todas as formas, xa desde a gramática de Saco Arce (1868: 18) é habitual acharmos nas nosas gramáticas parellas de palabras diferenciadas polo timbre da vogal de grau medio (Carballo 1979: 114-117) ou listas de palabras con indicación deste timbre mediante o uso de signos gráficos, aínda que Saco (1868: 17) utiliza o acento circunflexo para as abertas e o agudo para as fechadas, encanto Valladares (1970: 12-13) fará uso do agudo para estas e do grave para as abertas. Na lingua literaria nin estes sistemas nin outros semellantes acharon unha aplicación práctica coherente e clarificadora. Mais si houbo intentos, con predominio do uso do acento grave para marcar as vogais semiabertas: *Si n'a Insua de Cuba se sòfren cativeces e miserias non é por culpa d'o pòbo cubano. Cuba é un pais hospitalario que non nèga a naide, podendo, súa proteucion* (NM 69).

Entre os fenómenos que afectan o vocalismo tónico de grau medio, a metafonía é un trazo importante que de forma selectiva opera en determinados nomes tamén no século XIX, mais iso normalmente non tiña repercusión gráfica nos textos literarios. Só nalgún caso en que se procura marcar a abertura das semivogais é posíbel deducir a existencia ou non de metafonía, sen que se poidan tirar consecuencias seguras pola vacilación existente na grafización: ¡*Quizais esté mòrto á estas horas!* (NM 65); *soltaron os òllos bagoas como zreixas... [...] qu'ela cho estimará máis qu'a vida* (NM 66). Con carácter exclusivamente dialectal, está o posíbel influxo metafónico de /e/ final no sul de Pontevedra e na parte máis suroccidental da provincia de Ourense, onde se produce fechazón de /'E/ se na sílaba final hai /e/; e tamén fechazón de /'e/ en /'i/ e de /'o/ en /'u/ polo mesmo influxo de -e final. Por isto implicar un cambio de grafema, si achamos exemplos deste fenómeno en textos literarios cuxo autor é orixinario desa zona xeográfica: *Respunde, Martiño* (AM 15); *Vulve, vulve,*

alma que xemes, / Vulve á Dios, alm' afrixida (POE 386). Nesa mesma área xeográfica é posíbel a fechazón de o tónico en u, fenómeno talvez relacionado coa metafonía: *ôs escuros puzos de abaixo* (PB 124); *O pobo deull' á tal siteo o nome d'o Puzo* d'o Inferno (LT 42).

Se o vocalismo tónico se caracteriza pola súa estabilidade, co átono acontece o contrario, como moi ben pon en relevo a lingua literaria do XIX: *Vosté como médeco e como amigo, co-a mau n-o pulso e os ollos n-o curazón [...]*; *eu admirando a loucura dos dous: asi correron os anos hasta que vosté o abandoou, cicais por medo, cicais por lástema* (PB 140). A inestabilidade do vocalismo átono maniféstase na alteración do timbre orixinario das vogais e tamén na adición ou supresión de fonemas vocálicos dentro dunha mesma palabra, tanto en posición inicial como medial ou final, dando orixe na fala popular con moita frecuencia a formas vulgares. Polo que fai referencia ao vocalismo pretónico, o caso de prótese máis frecuente en galego é a adición dun *a* antietimolóxico ao corpo da palabra, fenómeno moi presente nos verbos, sobre todo da CI: *asopra quezais* (QP 80); *pr'arromatar d'unha vez* (VO 44); *Noites en que as arrás* (FO 149). A aférese é tamén un fenómeno frecuente na lingua popular que xa está moi presente na lingua literaria da época: *que desaparecen xiña* (FN 5); *O rapaz, dichoso e legre como nunca* (PB 52).

A asimilación achou grande eco nos textos literarios por ausencia dun modelo estándar e/ou por interferencias diferencialistas: *el, anamorado sempre* (AM 46); *Tería ús dazasete anos* (PB 41). Entre os tipos especiais de asimilación con repercusións fundamentalmente no vocalismo átono pretónico temos a harmonización e a labialización. A primeira é un fenómeno ben presente nos textos: *-Non, cubisa* (DS 62); *¡Ah! bindita seias, Sancha...!* (TO 33); *oucin tales harmunías* (ES 40); *as gasalleiras dilicias* (AM 90); *unha celest'e branda sinfunía* (AM 111). Os casos de labialización, como en xeral a maior parte dos fenómenos de alteración do vocalismo átono, son vacilacións de estratificación

sociocultural; aínda así, ben por reflectir a fala popular, ben por afán diferencialista, a labialización ten unha forte presenza na lingua literaria de autores cultos do Rexurdimento: *Romedaban garuleiros* (RU 13); *o remedio eficaz ás nosas chagas* (FO 18); *na Cruña he ó robés* (TP 7).

A disimilación vocálica provocou moitos vulgarismos na fala popular, afectando con frecuencia a vogal pretónica (inicial ou medial): *deprende millor crianza* (RU 12); *A heito non tomés chicultureiras / que hotaran de perda o chiculture* (GG 53); *C'o frio da miñan* (SV 136); *Eilí van melitares* (RU 11); *Dempóis viñeron prencipios* (VO 44); *que non trajo agora á mamoria* (TP 7). A anaptixe tamén conta con presenza literaria: *que te adimiro* (ES 39); *Tèu chán adimiren* (P 107); *Injalaterra, xardín de tantos Santos* (GM 91); *D'o Papa induluxenciados* (DS 101); *que en Ingalaterra* (TQ 4). A síncope dáse principalmente en posición pretónica, sobre todo no grupo formado por oclusiva + vogal átona + líquida: *sex' en vreda* (CH 119); *unha espranza...* (TO 32); *hay poucos de croa* (TP 7); *Él, o home indefrente, pro de fondos cariños* (PB 74).

Canto ao vocalismo postónico, prodúcese no galego popular e vulgar alteracións do timbre que, máis do que obedecer a fenómenos de asimilación ou disimilación, son debidas á inestabilidade e ao debilitamento na súa articulación nesta posición, afectando posibelmente máis as vogais da serie anterior, mais tamén as da serie posterior. Tais alteracións, que eran sentidas como reforzadoras do carácter enxebre ou popular da lingua e en moitos casos tiñan un plus diferencialista a respecto do español, acharon eco extraordinario na literatura do Rexurdimento: *pol-a páleda brancura / unha cándeda azucea* (FO 81); *cual lóstrago vese* (OFA 296); *si a pátrea o recrama, / si é a críteca hora / d'os toques marceales / d'as bélecas trompas* (VO 50). A síncope, que afecta as pretónicas, é tamén característica das postónicas, como consecuencia dese debilitamento articulatorio. A pesar disto, a súa influencia na lingua é menor, pois son así mesmo escasas as palabras

proparoxítonas en galego. Os contextos dominantes en que se produce a síncope son os de consoante oclusiva + vogal postónica + líquida, aínda que tamén se dá noutros máis raramente: *cos seus alcázres* (DS 99); *E pois no carzle* (QP 121); *do honor difizle* (QP 154).

En posición final de palabra, son numerosos os exemplos literarios de parágoxe de *-e*: *fácele sólo ó sacerdote hebreo* (AM 3); *Qu'ela vexa, se quer, de se curare*; e *cóntalle que cando eu o tivero / xa lle darei con qué se precurare*; *i agora ¡adíos!, ¡hastra que Dios quixere!* (FN 248); *¡Quén para pra oubire* (VO 50). Na lingua decimonónica mantense a apócope só en palabras isoladas; unha das principais é *clas* ou *cras*, que neutraliza a oposición de número: *E non te coides da crás* (PM 4); *escolas de todas clas, moita...* (NM 34). Chaman a atención os casos que se producen por perda de *-e* final despois de consoante fricativa prepalatal xorda [ʔ], especialmente presentes na lingua rosaliana: *i o reloxo que triste* (FN 61); *a triste / pelerinax* (FN 63). Xa Saco Arce (1868: 20) atribuíu este caso de apócope a licenza poética.

Canto aos ditongos, *ie*, *ue* son os menos característicos do galego, fronte ao castelán; tamén son os máis resistentes a se pronunciaren como hiatos. A súa práctica ausencia en voces patrimoniais levou os nosos escritores, por interferencia do español, a incorreren en hipercorreccións frecuentes en autores preocupados pola construción dun modelo culto de lingua; a maior parte destas formas son criacións da lingua literaria: *unha cencia* (AM 7); *na concencia dormente* (POI 38). Á parte da indebida xeneralización da correspondencia esp. *ie* -> gal. *e* e esp. *ue* -> gal. *o*, tamén se teñen provocado hipercorreccións baseadas noutra falsa correspondencia entre esp. *e* -> gal. *ei* e esp. *o* -> gal. *ou*, con fortes repercusións na lingua literaria: *Sourriu con bágoas* (PB 138); *Moustro xigante* (HP 1); *¡meu nen-adourado!* (F 157); *D'alegre primaveira* (OB 7); *de fervor sinceiros!* (HP 23). Un *i* eufónico antihiático aparece tamén en fonética sintáctica, orixinando

ditongos crecentes. O caso máis frecuente é o encontro do artigo feminino coa palabra que comeza por *a* tónico: *qu'a yalma cobiza* (FN 76). Na lingua literaria decimonónica tamén son moitas as alteracións do vocalismo que afectan os ditongos, converténdooos en hiatos por abertura da semivogal: *Xusticia, amor d'a sua pátrea*, / *Relixión e noble afán*, / *E sen estas coalidades* / *A forza bruta non val*. / *D'os gallegos, o antuseásmo* (TO 34); *Eu non me met'a estudar* (F 15); *Por xuzgaren con máis céncea [...]* / *Non queremos obedéncia [...]* / *D'esta fábul'a secoéncia* (FE 38). En síntese, a alteración do vocalismo átono é un trazo moi característico da lingua literaria do século XIX.

2.2. O consonantismo

Independentemente do sistema de representación gráfica utilizado, todos os cambios fonéticos operados no consonantismo desde a época medieval até o período contemporáneo estaban consolidados no século XIX. Mais na lingua literaria da época pónense en relevo certas particularidades que afectan as consoantes. Algunhas xa se tiñan manifestado con clareza nos escasos textos dos séculos escuros, outras detectáranse de forma significativa nos textos do Rexurdimento; unhas poucas caracterizan a lingua de determinados autores ou rexistros lingüísticos, outras son comúns á maioría dos textos da época. Unha desas peculiaridades é o tratamento dos grupos cultos. O exclusivo carácter oral do galego durante séculos reforzou a tendencia popular á vocalización, tendencia que a lingua literaria do Rexurdimento, por beber case en exclusiva na fonte popular e quizá aínda máis por afán de diferencialismo a respecto do español, trasladou á lingua escrita, reinterpretando de forma arbitraria e anacronicamente unhas leis fonéticas que xa completaran o seu ciclo de actuación moitos séculos atrás. É frecuente, pois, acharmos deformacións nos grupos cultos na lingua literaria por vocalización dunha oclusiva xorda ou sonora en posición implosiva. Así, os grupos

heterosilábicos -bs-, -ct-, -cc-, -ks-, -pt- e -pc- poden vocalizar o primeiro elemento en *u* ou en *i*, orixinando ditongos decrecentes: *Sigüiren camiño reuto* (FL 17); *¿Ten acaso algún ouxeto* (FE 50); no caso de -gn- pode producirse a perda da primeira consoante ou a palatalización: *espera resinado* (FN 137); *¡Ññoran tès nenas* (P 106).

A gheada, xurdida nos séculos inmediatamente precedentes, é un fenómeno fonético consonántico xa consolidado no século XIX, como poñen en relevo os textos literarios. Ao se recuperar de forma significativa o uso escrito do galego, a gheada foi xeralmente rexeitada mesmo por aqueles escritores que pertencían a áreas xeográficas gheadófonas, como Rosalía, Curros, Pondal, Lamas Carvajal, Marcial Valladares, López Ferreiro² e tantos outros. Nalgúns casos reproducíase para pór de manifesto a fala popular, como nos “Diálogos” composteláns do primeiro terzo do século (1812-1836), onde se rexistran voces como *lejajos, vijas, Jalisia, lojo, enemijo, ajora, carja, crejo*, etc. (Carvalho Calero 1986: 729): *ó que non lle justa ó viño, sempre dice que he surpia, aínda que sea de Málaja...* (ST 2). Se tivermos en conta que a orixe da gheada debe estar moi en relación co fenómeno da gueada, de que sería unha consecuencia, non ha resultar estraño que tamén aparezan casos desta en textos da época: *sinón de reliquiión* (PGI 63). Mesmo a gueada e a gheada son utilizados como trazos caracterizadores do ‘cadiceño’, fala peculiar acastrapada do emigrante galego que regresa de Cádiz: *es ya enfermedá viega, que llevo jastado con ella lo que no es creible, por que toavía cuando vin de Cáis tiven que pajar cieú reales de meucinas al Boticario* (DT4). Mais a gheada foi rexeitada por norma xeral na literatura do XIX e utilizada ocasionalmente como marca de rusticidade e incultura, sendo tamén criticada por gramáticos e lexicógrafos.

O seseo vai, así mesmo, verse reflectido, aínda que non sistematicamente, nos textos literarios. Temos xa algún exemplo esporádico nas *Proezas de Galicia* (1810), de Fernández Neira, e exemplos abundantes nos “Diálogos” composteláns do primeiro terzo do século (Carvalho Calero

1986: 729). Aínda que a norma máis estendida entre os escritores vai ser a non reprodución do seseo explosivo, case sempre aparece algún caso na maioría deles: *Pois co-a riquesa tan soyo* (CO 61). Mirás, ao se basear no galego popular falado en Compostela, reproduce sistematicamente o seseo nos seus textos, igual que facía coa gheada: *non tes que dar-me jrasias, / [...] pois son ajradisida* (GM 118). Por esa mesma altura Rosalía de Castro, fundamentando a súa lingua literaria sobre a fala popular da comarca santiaguesa, desbota dela a gheada, que nunca reproduce, e admite o seseo, curiosamente con máis frecuencia en posición explosiva do que implosiva, ao contrario do que vai acontecer con boa parte dos escritores: *a grasia non era moita, / que nunca (delo me pesa) / fun eu meniña grasiosa* (CG 201).

Canto á nasal velar, o dígrafo *nh* irase impondo no XIX como símbolo unanimemente utilizado, de forma que os nosos escritores tenderon sempre a diferenciaren na escrita a nasal velar da alveolar: *Nunha bola de pan trigo. / Mais nóno sinto por eso* (CG 128); *Eso eu non-o nego / [...] Tivera unha menos* (FE 29). Outro fenómeno fonético moi presente na lingua literaria decimonónica é a metátese consonántica, sendo a dominante a da líquida vibrante: *Ch' atromente con lembranzas* (FL 16); *craba coxa* (GG 52); *ti, catredal* (FN 63). Algunha forma como *probe*, hoxe rexeitada por vulgarismo, foi absolutamente dominante na lingua literaria do XIX: *n-o mundo hay probes* (SA 66). A falta de fixación dun modelo lingüístico ao longo dos séculos permitiu que moitos cultismos trocasen /l/ por /r/. Na lingua literaria son frecuentes os casos de rotacismo: *canta á groria* (GG 51); *ca triste frente incrinada* (FN 242). Neste sentido, o caso de Pondal resulta paradigmático, pois é case uniforme a resolución semiculta con /r/, que se estende ao sufixo -BILE e mesmo a palabras de orixe castelá (Ferreiro 1991: 57); a tendencia é a mesma en Rosalía, aínda que non coa sistematicidade do bardo bergantiñán (Carballo Calero 1972: 39-44): *as amabres e doces anduriñas* (QP 18); *do promo asobiante*

(QP 177); de *amabre consolo* (CG 19).

2.3. A representación de fenómenos de fonética sintáctica

Os fenómenos de fonética sintáctica producidos por encontro de dúas vogais na cadea falada son especialmente significativos no galego pola súa secular condición de lingua oral. Algunhas contraccións e elisións sistemáticas na fala xa están consolidadas na norma escrita, aínda que no século XIX se utilizaba o apóstrofo para sinalar a elisión vocálica: *Qén ll'o sabía bén dixo que náide / Por profeta, n'o seu, nunca terían* (FX 25). Outras crases ou elisións vocálicas non sistemáticas que se producen na fala como consecuencia da relaxación do vocalismo átono e particularmente das vogais átonas finais non se marcan graficamente no modelo actual de lingua escrita, aínda que si ocasional e caprichosamente en épocas anteriores, incluíndo tamén as transcripcións modernas dos poemas trobadorescos medievais galego-portugueses³, onde é hábito indicar a omisión da vogal por medio do apóstrofo, como tamén o é en textos decimonónicos: *Maruxiña, donch'os ollos, / rézall'a Santa Lucía* (CPG I, 64); *¿Pois n'ha d'habelo, e moito, antr'os esposos?* (FX 26). Dada a xeral profusión de apóstrofos, non resulta estraño que afirmase o profesor Carballo Calero (1979: 131): “Los primeiros escritores del siglo XIX, en su afán de reproducir la realidad fonética, llenaban sus escritos de apóstrofos, que hacían la lectura incómoda y difícil”. Esta tendencia, máis que diminuír, acrecentouse ao longo do século.

A crase é moi frecuente, practicamente sistemática na fala popular, nos encontros das partículas (preposicións ou conxuncións) *a, pra, ca, coma, canda, contra, onda* e do adverbio *xa* co artigo masculino ou pronome persoal *o(s)*; tamén acha eco na lingua literaria da época: *-Y el'e boa moza? / -Xo creo!* (FT 23). Para a representación da crase da preposición *a* co artigo *o(s)* no século XIX vaise producir unha polémica entre os partidarios de *ao* e os de *ó* (véxase “Oístas y aoístas” in Alonso Montero 1970: 46-47), que dalgunha forma se prolonga á actualidade. Algún

poeta, como Pondal, utiliza *ao* contando como dúas sílabas e *ó* como unha (Ferreiro 1999: 256, n. 311). Mais no modelo literario decimonónico *ó* ou *ô* é predominante: *non mires ô chan* (GG 15). No caso do encontro de *a + u*, este ten como realización normal na fala [O], resultado da asimilación e crase entre as dúas vogais. Tal fenómeno xa foi recollido na gramática de Saco Arce (1868: 145), onde figuran exemplos como: “Empresteil’o carro òn home, ònha muller”; “Deixou a casa pr’òn (pra un) parente”; “Peguei contr’ònha pedra (contra unha)”. A lingua literaria acólleo amplamente: *preso ónh’argola* (AM 100); *Rúbena ón alto penedo* (POE 404). Ás veces mesmo é posíbel a crase de tres vogais por fonética sintáctica: *Músic’on tempo e poeta* (AM 62); *Volvend’áutro lado* (AM 99). A elisión de dúas vogais consecutivas pode ocasionar contextos confusos ou difíceis en textos literarios: *Pelisquein’entrou n-o corro* (RU 13). Un caso especial de encontro vocálico constitúeo a conxunción copulativa *e*, que na maioría das falas galegas se fecha na semivogal [j] cando vai seguida de vogal, fenómeno de carácter eufónico que achou amplo eco na lingua literaria. Seguida do identificador definido masculino *o(s)* e os indefinidos masculinos e femininos *un(s)*, *unha(s)*, a súa semiconsonantización pode provocar por disimilación a abertura da vogal seguinte, inclusive en dous graus no segundo caso, fenómeno ben reflectido na lingua literaria decimonónica: *y-ònha laxa* (FO 146). Saco Arce (1868: 145) facía constar o carácter facultativo destas disimilacións, con exemplos como “Unha navalla y-on coitelo (e un, ó y-un coitelo)”, “Un ragueiro y-onha (e unha) fonte”.

Tamén as consoantes finais de palabra costuman producir fenómenos fonotáticos relevantes. É a consoante nasal /n/ a que máis adaptacións experimenta na súa articulación segundo a natureza do son que vaia a continuación dentro do seu mesmo grupo fónico. Nos textos literarios os autores marcaron en moitas ocasións mediante trazo ou apóstrofo a alveolaridade do /n/: *¡Qué pouco se fixan-os lobos d’o mundo / n-as penas que sofren-os probes*

horfños! (HP 3); *¡Pra min non'a hay!* (FN 9); *Non-o culpo, ¡coitado!, non-o axo* (AM 131). Tamén se pode producir a perda da consoante nasal que fica en posición intervocálica e a crase das dúas vogais: *¡Ai! N'è milagre* (P 97); *Quixais n'hey de téla... / ¡N'a tiben xamais!* (FN 9); *¿N-haberá un Macduff* (FO 100); *Ist'ano n-hay primaveira* (F 112). Aínda hai que engadir aos fenómenos de fonética sintáctica provocados polo adverbio *non* a asimilación de nasais cando a palabra seguinte comeza por /m/, especialmente se se trata do pronome *me*: *Nomais ja d'opròbeo, nomais de tristura* (P 107); *¡No m'indines!* (RU 12). Saco Arce (1868: 149) estende a perda de *n* a casos como “tame'me pidiu cen reás (tamén me)”, “be'm'o (ben m'o) dixo il”, “qué'me dera o ceo! (quen me)”, “po'mos eli (pon m'os)”, etc. A preposición *con* seguida de pronome persoal tónico ou de demostrativo pode perder na fala popular a consoante nasal, fenómeno constatado como xeral por Saco Arce (1868: 147) e moi reproducido na lingua literaria do XIX: *o que co-él teño gastado* (SG 8); *levaba co-ela* (PB 59); *Co-estes tristes consolos* (NF 55). O mesmo pode acontecer coa conxunción *nen* ou *nin* cando seguida de vogal: *¡Ne-as erbas sentian!* (FN 58); ou co demostrativo de terceira persoa: *c'aquelas caras de virxe* (CG 40). Despois de palabras terminadas en -s o artigo, por fonética sintáctica, pode presentar variantes alomórficas baixo diferentes formas de representación: *¡Desleigad'o-l-os tolos que te deixan, / Ulliña, po-l-o ouro seducidos* (P 97); *avóltol-os regatos cristalinos* (F 49); *Murchol-os dous y-abismados* (DS 89); *Quixera traspol-os montes* (EF 38); *para carda-l-o liño* (AD 9); *Deixou morrel-o seu cócho* (CN 35). O intento por trasladar á escrita coa maior fidelidade os trazos fónicos da fala popular pode dar orixe a representacións como *¡Dio-l-empare...!* (F 121), onde a asimilación se dá co pronome átono. Tamén por veces os textos decimonónicos marcan outro alomorfe do artigo após forma verbal terminada en consoante nasal: *D'os Césares repousan-os seus ôsos* (HP 2).

3. Morfosintaxe

Nas diferentes solucións morfolóxicas da lingua decimonónica desempeña tamén un papel importante a interferencia castelá, en convivencia coas solucións propias e tradicionais no sistema lingüístico galego-portugués. Así mesmo, están presentes as variantes dialectais características das zonas de procedencia dos autores e autoras, para alén de intentos de aproximación a un modelo interdialectal. Certas construcións sintácticas tamén se verán interferidas pola presión da lingua dominante na altura.

3.1. Os nomes

Hai nomes substantivos de xénero único que en galego teñen xénero diferente do que en castelán, mais que na lingua literaria decimonónica con moita frecuencia adoptan o deste último como consecuencia dun fenómeno de interferencia. Porén, tamén se achan exemplos en que tal interferencia non se produce: *vinde ver o dote* (CPG I, 108); *Pola ponte de Monelos* (CPG I, 153); *Qu'ib'a tomar leite fresco* (LF 7). A interferencia é moi frecuente con substantivos en *-axe*, que poden aparecer como masculinos: *O paisaxe, espido da follatería do vrau* (PB 19). Na formación do plural dos substantivos acabados en *-n* aparecen as diferentes solucións dialectais, ás veces a alternaren nun mesmo autor: *E n'hachaba pasiós puras* (SO 25); *-Braguiños, as maldicióis / ô caer / d'as racionais condicióis* (EP 144); *De bés e ilusions valeiro* (POE 386); *gaitas, liras, frautas, violís* (CP 115); *dos seus ladrois* (PRO 9). Non faltan casos de conversión á terminación patrimonial *-án* (e o correspondente plural en *-ns*), por diferencialismo, de substantivos coa forma culta *-ano*: *Y-á inxustos tirans confonde* (POE 405). Os substantivos e adxectivos acabados en *-l^a* presentan diferentes solucións tanto de natureza dialectal como nos propios textos literarios, se ben na lingua decimonónica predominaba a solución centro-occidental en

-s ao lado da castelá en -les: *Lein n-os papés d'a vila* (SA 75); *os memoriás e máis papés que presentaron os empregados* (PGI 35); *barbas de animás* (CP 33); *que por moitos papeis* (PRO 26); *aniñan n-os xuncales* (PB 23); *rabean de constitucionás...* (DA 4). Os nomes oxítonos acabados en -il forman o plural co alomorfe -s sen o -l final da raíz, solución presente nos textos literarios da época salvo casos de castelanización en -iles: *e bate c'os cadrís contr' a lareira* (VO 8); *tiñan fusis ben poucos* (PRO 36); *temos ferrocarrís* (NM 34). Un fenómeno curioso na lingua popular, con repercusión na literatura, é a formación de plurais en -es sobre substantivos xa plurais acabados en -s, como se estes fosen sentidos xa como singulares ou ben como querendo reforzar a noción de pluralidade: *¡Guerra ô fisco y-â usura y-âs leises* (GRE 4). Tamén do plural *mantés* se puido formar un singular analóxico *manté*, seguindo o modelo de *café / cafés*, forma que se acha rexistrada en Curros (López Varela 1998: 241): *con catro mantés cuberta, / porque non chega un manté* (AM 54).

Como construción singular documentada no século XIX pódese citar o caso dalgúns nomes rexidos pola preposición *de*, que indican materia ou orixe, convertidos funcionalmente en adxectivos a concordaren en xénero e número co substantivo a que acompañan (Álvarez, Regueira & Monteagudo 1986: 68); este procedemento é propio do vocabulario agrícola: *feito de palliña triga* (CG 28); *e un prado de herba treviña* (FN 215). Esta fórmula xa foi resaltada por Saco Arce (1868: 159), que pon como exemplos *papas millas, papas trigas; fariña milla, triga, centea; palla painza; pan centeo; cepas caíñas; e uvas caíñas*.

Canto aos adxectivos terminados no masculino en -án, nos textos decimonónicos achamos diferentes solucións de natureza dialectal ou mesmo produto da interferencia, que afectan tanto o feminino como o masculino e o singular como o plural, para alén daqueles outros coincidentes coa norma actual: *de serpente insana* (POM 219); *os lacazáis rapaciños* (EP 205); *De cristiáns o teu chan rega* (POE 393); *dos*

melancólicos paisaxes mariñás (PB 21). Xa nos textos decimonónicos achamos falsas solucións patrimoniais para adxectivos xentílicos: *Xunt' o lusitan confin* (POE 408). Un caso especial é o feminino *má*, fórmula rexistrada nos textos do XIX ao lado de *mala*: *e pousa nesta miña má escritura* (GG 17); *¡Má varredeira vos varra* (GG 37). O sufixo formador de adxectivos *-bel* acha na lingua literaria decimonónica as realizacións maioritarias *-ble* e *-bre*, que conviven coa primeira, moi minoritaria: *En noite horrible* (OFA 242); *tod' é posibel* (LT 43); *á nosa incomparabre Alborada* (CP 118); *Sentía incomprendible estraneza* (CT 191). As terminacións *-ble*, *-bre* substitúen en ocasións o sufixo *-ivo* nalgúns textos do Rexurdimento: *Treidoras, carrexentas, vingatibres* (FX 13); *d' o Mosteiro d' Oseira, pensatible* (SA 89).

3.2. Os pronomes persoais

A respecto do pronome persoal é digno de resaltar na lingua decimonónica o plural de respecto; trátase do uso de *vós* por *ti*, co verbo en singular, tratamento tradicional hoxe en desuso, mais aínda vivo no occidente coruñés (Fernández Rei 1991: 76): *-Pois si vós foras pitiño, / dígovos, miña velliña* (CG 24). Ao lado de *ti* e *el* existen as formas dialectais *tu* e *il*⁵, ambas presentes nos textos decimonónicos, ás veces no mesmo contexto: *-¡Tu tes gana de contos! ¡Seica ves lelo? / -Lela estás ti que falas c' un estornélo* (RU 12). A forma *connosco* aparece baixo diferentes formas de representación: *Con nosco irán moitas xentes* (DS 44); *Co'nosco a maor parte da nobreza* (PM 9); *quedavos connosco* (OFA 298). Na lingua literaria da época tampouco faltan os usos desviados dalgunha destas formas: *Tempos pasaron, e por il mais que por nosco* (PB 141). Ao lado de *nós* e *vós* existen as formas *nosoutros*, *vosoutros* (Fernández Rei 1991: 75): *Vosoutras qu' unhas rosas sodes todas* (OB 57); *Nosoutros que andabamos*

(PRO 9). O pronome de cortesía *vosté(s)* concorre coa forma normativa *vostede(s)*: -¿*Qué lle parece a vosté* (CO 53); *Vosté non volveu por alí* (PB 144). As dúas formas teñen un amplo uso nos textos literarios da época, a combinaren inclusive dentro dun mesmo parágrafo, así como outras variantes máis próximas da forma castelá: *vosté está sentado* [...]. *Aquí encontrará vostede* (ST 3); *vostede está ben vestido* (CP 59); *veña / osté mesmo á traelo* (EP 135); ¿*Qué quere ustede* (MX 21). O uso de *vós* invariábel, referido a un interlocutor singular ou plural, está moi presente na lingua decimonónica; o verbo vai sempre en segunda persoa de plural: *Non-vos enfadés Farruco, que vos pónedes co á carraxê* (DL 2). Nos textos do XIX aparece con certa frecuencia a forma *elo*: *elo era que non había día* (PB 66); *Elo sería á xústicia...* (ST 2). O pronome *el*, como forma invariábel, ten alta rendibilidade na lingua literaria xa no século XIX cos seus diferentes valores: ¿*E el que mais dá que as quiten ou non?* (DA 4); -¿*El hay licencia?* (RA 91).

O ton espontáneo, popular e afectivo de moita da nosa literatura decimonónica favoreceu a profusión dos dativos de solidariedade, que xa aparecen nos primeiros textos do século en grande cantidade, como acontece nas *Proezas de Galicia* (1810): *Dempois que rexsistraron todo, colleronche as galiñas que puideron, repelaronchas, derreteronche nùn-a caldeira canta graxsa è pingo encontraron, è meteronchas ali, desorte que se pasaron è coceron sei que mais cá manteiga, sin botarlles miaxsa de auga, è correndo banche se à bodega, abrironche as pipas, è sacaronche cheos de viño os caldeiros è olas* (PRO 6). Saco Arce (1868: 165), sen lle outorgar un nome especial, deixa constancia do seu amplo uso e os textos poéticos da época confirman o vigor e profusión destas formas: *Eu non sei o que che ten* (CR 7); *Cinco sentidos che temos* (CPG I, 10). Aparece xa en expresións e frases feitas de grande uso na lingua popular: ¿*Vaiche boa?* (DS 64). Tal vitalidade fixo que penetrase mesmo no castelán falado por galegos e na literatura en lingua castelá escrita por autores do país,

como constata Varela Cabezas (1997: 116), quen recolle en *La madre naturaleza*, de E. Pardo Bazán, casos como *esto... le tiene su aquel* ou *le está en la era*.

Con relación á colocación dos pronomes átonos, caso de o clítico acompañar un infinitivo ou xerundio precedido de nexos, a próclise apréséntase como a colocación tradicional moi presente na literatura: *por te contemplar felis?* (CG 21). Da interpolación achamos así mesmo numerosos exemplos: *¡Ai, cando ch'a túa nai veña!* (CG 106); *pra que se lle non coñeza* (AM 18). É posíbel a presenza de diferentes elementos a se interporen entre o pronome átono proclítico e o verbo (Sánchez Rei 1999: 194-198), como un suxeito, frecuentemente representado por un pronome persoal tónico: *en que a eu teño ofendido* (SG 16); *nunca me eu suxeitara* (CPG I, 56). Tamén se poden interpolar diversos complementos (directo, indirecto, circunstancial, suplemento, atributo, etc.): *moito gusto m'a min dan* (CPG III, 30); *por se de min burlar* (CG 73); - *¿Que che non fale?* (PO 175). A interpolación do adverbio de negación pode facerse entre dous clíticos: *que te non me deixa ver* (CPG I, 15).

3.3. Outros pronomes

Canto aos demostrativos, literariamente aparece a variante *aqués* xa en textos rosalianos: *Aqués que ten fama* (FN 57). Tamén na lingua literaria desta autora e doutros escritores se rexistra a forma arcaica reforzada *aqueste(s)*, *aquesta(s)* (Sánchez Rei 2002: 118-120): *qu'aquestes cantares* (CG 20); *Daquesta desventuriña* (PG 54); *Aquestes gigantes montes* (EP 189). As formas variábeis do demostrativo poden contraer co pronome identificador *outro*: *perdonaría estoutros ê os de mais alá* (ST 7). *Aquel* e *aquela* poden ser usados como substantivos de carácter indefinido e con significados polivalentes tirados do contexto (Carballo Calero 1979: 304): *con aquel de señorío* (CG 53). Destas formas derivan o verbo *aquelar* e o participio

aquelado, así como *aqueloutrar*, que xa aparecen nos textos decimonónicos: -“*Aquélate*” -*dille* (RA 43); *Está aqueládo* (TQ 3); -*¡Seica me queres aqueloutrare!* (PGI 95).

A respecto dos posesivos, a construción *diante miña*, *detrás súa*, etc., é descoñecida na lingua literaria decimonónica. Existe un posesivo enfático, tamén chamado posesivo de propiedade plena ou exclusiva (Varela Barreiro 1993: 62; Álvarez, Regueira & Monteagudo 1986: 222), que tivo unha progresiva extensión e ampliación de usos desde un limitado emprego no século XIX (non a documentamos, por exemplo, na obra de Rosalía, Pondal ou Lamas Carvajal), exclusivamente con substantivos que indican propiedades alienábeis: *que de teu a ter chegache / unha terra regantía* (AM 160); *Con xugada de seu, libre d'usuras!* (GR 292). Porén, este uso non o achamos citado na gramática de Saco Arce (1868: 170-172), nin tampouco máis tarde en Santiago y Gómez (1918: 185-186) ou en Lúgrís Freire (1931: 87-91). Combinado co pronome *cada* en función adxacente, o posesivo, con ou sen a presenza do artigo, adquire carácter distributivo, valor presente nos textos decimonónicos: *e cada gran seu diamante* (CG 28); *cada semana seu día, / cada día súa ves* (CPG II, 10); *danlle à cada probe seu* (TQ 3). Caso de *cada* ser adxacente do pronome *un* en función nuclear da frase, pode formarse a contracción popular *cadanseu(s)*, *cadansúa(s)* (Ferreiro 1999: 265; Álvarez, Regueira & Monteagudo 1986: 224), fórmula que non achamos rexistrada nos textos literarios decimonónicos, a pesar do carácter fundamentalmente popular de moitos deles, nin nos estudos gramaticais desa mesma época. Así, por exemplo, para alén de non ser citada no século XIX en Mirás (1864) nin en Valladares (1970: 44-45), feito nada estraño dada a pouca extensión e profundidade destas obras, podemos ver en Saco Arce (1868: 172) exemplos como “Cántos reás lles dou? A cada un seu”, “As libras non chegan mais que pra cada un sua”, mais non a fórmula fusionada, que só se rexistrará por escrito na segunda metade do século XX. Existen, por outra parte, unhas formas

átonas de respecto *mi(s)*, *tu(s)*, *su(s)*, etc., a acompañaren os substantivos *padre*, *madre*, *tío*, *señor*, *amo* e o plural *padres*, con vixencia nalgunhas cantigas populares e na literatura dos dous últimos séculos, principalmente a forma *mi*, xa presente, por exemplo, en textos rosalianos: *-Mi madriña, mi madriña, / [...]* *-Non mo preguntés, mi madre* (FN 82). O ámbito de coloquialidade en que tal forma aparece fai posíbel tamén a apócope afectiva, propia da linguaxe infantil, de *madre* e *padre* en *má* e *pá*: *-Non soñei, mi má, non soño* (FN 83); *-Un-ha nena, mi pá* (PT 37). Mais, na realidade, semella estarmos neste caso perante unhas formas procedentes “do español” (Ferreiro 1999: 265), lingua do poder e por tanto tamén de respecto. Sirva como exemplo o uso constante da fórmula *mi señor* na boca dos labregos submisos ao poder que o avogado representa no *Diálogo entre dos Labradores gallegos afligidos y un Abogado instruido, despreocupado y compasivo*: *Si mi señor, volverey, é mais ben tarde se me fay* (TF 14); *Ben ó conocin, mi señor* (TF 44). Carácter popular moi marcado ten a forma reducida e vulgar *ña*, presente na lingua literaria decimonónica ao esta reproducir en moitos textos e autores a coloquialidade da lingua popular: *-Pois, ña Pepa, toma un trago / de resolio qu'aquí teño, / e durme, ña mulleriña* (FN 187).

Canto aos pronomes relativos, na nosa tradición literaria decimonónica achamos moitos exemplos de ausencia de artigo cando o relativo *que* vai precedido de preposición e o antecedente está próximo: *a beira por que camiña* (CG 84); *hora en que cantan os galos* (CG 87); *do tempo en que te servín* (CPG I, 15). O relativo *cuxo*, baixo a forma castellanizada *cuyo* ou *cuio*, aparece tamén en textos do XIX: *Cuyo son nos tray ó vento* (CG 107); *Oh, pai do ceo, á cuio núme pido* (OC 47). A nosa tradición gramatical, incluída a decimonónica, sempre o recoñeceu baixo diversas formas: así, Valladares (1970: 45) fáino como *cuyo*, Saco Arce (1868: 171) como *cuyo* e Lugrís Freire (1931: 35) como *cuio*. Na lingua decimonónica *cuyo* é tamén un castelanismo usado popularmente co valor de *o cal*. Saco Arce (1868: 171) pon

exemplos como “N-iste medio chegou o aguacil, **cuyo**, vendo aquilo, deulle parte ó alcalde” e “Fun ver un amigo, **cuyo**, así que entrei, topein-o rifando”. Entre os interrogativos, o arcaísmo *u* ten algunha presenza na lingua do XIX: -¿**Ulos**? (PGI 72); *Rapaces = Ulos, ulos?* (OFA 297).

Nos textos decimonónicos son varios os exemplos en que achamos un pronome ordinal como primeiro elemento dunha palabra composta para a designación relixiosa e tradicional dos días da semana: *Qu’ó merquei na quinta feira* (CG 130). Para a designación da *cuarta feira* o ordinal *cuarta* alterna coas variantes *corta*, *carta*: *ainda viñechedes carta feira de Villagarcia* (TP 1); *cuarta feira logo ven* (CPG I, 105); *Dixéronme carta feira* (F 188); *Aínda estiven aló corta feira* (PGI 23).

3.4. O verbo

Canto aos verbos, a pesar da interferencia do español, que tende a arrastrar os semirregulares cara ao seu modelo de conxugación, na nosa historia literaria do XIX achamos numerosos exemplos que documentan a alternancia vocálica no presente de indicativo; véxanse algúns de verbos con *-e-* como vogal radical: *consente* (OC 5), *mentes* (CG 225), *feren* (AM 98), *repétese* (AM 100), *despede* (QP 161), *repeten* (CS 55), *veste* (POE 364), *consenten* (TQ 5). Outros exemplos de verbos semirregulares con *-u-* ou *-o-* como vogal radical son: *foge* (QP 180), *acode* (CG 28), *cospen* (CG 72), *roxen* e *foxen* (CPG I, 140), *consome* (FN 222), *rebole* (LG 21), *cobre* (GG 3), *sofren* (AM 77), *sóbese* e *dorme* (SV 90), *confonde* (FX 11).

O verbo *dicir* costuma aparecer no infinitivo baixo a forma castelá *decir*, aínda que tamén máis minoritariamente *decer*: *saber dicila* (FG 5), *que che bou á decer* (PRO 6), *tendes que deser* (TQ 3), *prá ó que habia que decir?* (DT 1), *ten verjónsa de decir eso* (DT 4). O verbo *ouvir*, sempre presente na lingua literaria do XIX como demostran os seguintes exemplos, presenta irregularidades no tema de

presente: *A ouvir tal* (RA 73); *¡Daba xénio d'oubila* (OB 35); *Ouz'o barullo d'a festa* (EF 120); *que non vos ouza...* (F 48); *Ouviu qu' alguén* (CS 40). O cambio producido na raíz da primeira persoa do presente de indicativo trasládase por analoxía a outras persoas dese mesmo tempo en moitos textos decimonónicos: *n'os que as oucen* (ES 87). As diferentes variedades dialectais que se producen nos morfemas número-persoais proliferan nos textos escritos do XIX, como poñen en relevo as seguintes citas tiradas dun mesmo capítulo dunha obra: *¿Quén fuche? ¿Onde naciche? ¿Qué fixeche pra que, dempois de môrta fai seis anos, leven-as tuas cinsas* (HP 80); *Non fuches rica, non deixaches grande fortúa pra que co-ela t'honrasen cal merescías* (HP 82).

Con relación ao uso de tempos verbais, é de resaltar o valor condicional que o antepretérito posúe en cláusulas que funcionan como condicionante sen a presenza dunha conxunción deste tipo: *Non foras ti tan bonita, / naide envidia che tivera* (FN 82). Este tempo posúe así mesmo valor de pospretérito, moi propio da lingua literaria, con sabor arcaico, uso que tamén se dá no portugués (Cunha & Cintra 1991: 456), onde se considera propio da “linguagem literária”; ten unha presenza importante na lingua rosaliana: *Non irás anque ben queiras, / que alí a preguntarcho fora / tu madre, e alí responderas* (FN 83); *Falei con el... ¡ai! ¡falara, / mi madriña, a vida inteira!* (FN 84); *Si ti viras o qu'eu vin / fuxiras com'eu fuxín* (CPG I, 44); *S'a grori'a pedirme chegas / Dérach'a gloria, rapaza* (OB 31). O ‘raísmo’, ou uso de *-ra-* por *-se-* como morfema modo-temporal de pretérito de subxuntivo, xa está moi presente nos textos decimonónicos: *¿Que fora de ti, meu santo, / si naiciña non tiveras?* (CG 110).

A pervivencia do uso do futuro de subxuntivo no século XIX, aínda que en recuamento, fica demostrada, directa ou indirectamente, tanto pola súa presenza nos paradigmas verbais das primeiras gramáticas do galego como pola súa utilización de maneira significativa en textos literarios. Mirás (1864: 28) cita o e conxúgao (‘Eu amare e

houbere amado’) como un máis dos tempos de subxuntivo. Saco Arce (1868: 177-182) afirma que o futuro de subxuntivo ten a mesma significación que en castelán, salvo “que es usado con predilección en nuestro dialecto en oraciones en que aquel prefiere el presente de subjuntivo”, para máis adiante remarcar a coincidencia formal co infinitivo flexionado nos verbos regulares, fronte aos irregulares, e a distinción semántico-funcional (non pode ser rexido por preposición e ten sempre significación futura). Valladares (1970: 52) inclúe con total regularidade o futuro de subxuntivo entre os tempos dos diferentes paradigmas verbais. Maioritariamente reproducéase como morfema modo-temporal *-re-* (*falare, tivere*) e en ningún caso se sinalan restricións de uso nin se alude á súa baixa ou nula produtividade. En *A casamenteira*, escrita en 1812, achamos varios casos: *Por min fai o [que] quixeres* (v. 45); *traballe quen tiver mans* (v. 80); *Paira as veces que quixer* (v. 263). O mesmo en *Os rogos d’un gallego...* publicado no ano seguinte: *O que non fore christiano, / como non more entre nos, / que more donde quixere* (RG 6). Tamén temos exemplos en *A gaita gallega* de 1853: *cando ti co alento os branqueares / regalarán non solo o entendimento* (GG 18); *que cando ti tropezares / darache a guía o Gaiteiro* (GG 22). Nas primeiras páxinas de *Follas novas* de Rosalía de Castro podemos citar exemplos como os seguintes: *Así estarei cal me deixare a morte* (FN 12); *¡O corazón m’arrincaras / des qu’as arrincares todas!* (FN 17); *Cando volver, se volvo, tod’estará ond’estaba* (FN 23); etc. A respecto do uso deste tempo verbal por parte desta autora afirman Monteagudo & Vilavedra (1993: 82) que outra “característica do sistema verbal rosaliano é a relativa vitalidade de que goza nel o futuro de subxuntivo” e detectan “arredor de quince ocorrencias” en *Follas novas*, así como 26 exemplos de futuro de subxuntivo no *Cancionero Popular Gallego* de José Pérez Ballesteros. Por outra parte Xove (1986: 149), a propósito do uso deste tempo na obra da cantora do Sar, resalta un número significativo de usos erróneos, en tanto que

Monteagudo & Vilavedra (1993: 83) prefiren falar de que “Rosalia utiliza este tempo con notable inseguridade” ou dalgún uso “forzado”. En Pondal achamos tamén varios casos: *Cando for sepultado / non me dedes a min (POM 50)*. En Curros podemos falar dun “uso xeral e constante do futuro de subxuntivo” (López Varela 1998: 265): *si ó mal dos petrucios non fordes alleos, / librádeos da morte (AM 81)*; *Cand'eu m'atopare / de donos liberto... (AM 69)*. Tamén aparece na obra doutros autores de menor relevo: *ò mate, fore quen fore (SV 86)*; *Quen quixer coller a froita (PO 184)*; *Si vengar á carraxe os magoados / En min quixeren, non lles teño medo (AD 16)*. A presenza e correcta utilización do futuro de subxuntivo é tamén notábel nos cancioneiros e refraneiros populares do XIX: *Cando as pedras deren gritos / i o sol parare d'andar / e a mar non tiver augua, / heime de ti d'apartar (CPG I, 11)*; *Mariquiña da forneira, / se coceres fahme bolo (CPG I, 150)*. En xeral, pódese considerar que unha boa parte dos casos documentados se axustan ás condicións restritivas do uso do futuro de subxuntivo. Na lingua literaria decimonónica non faltan, porén, casos de usos agramaticais deste tempo verbal: *Anque, pra conseguilo, fôr preciso / Que secumba un de nós n' esta demanda (FX 43)*.

Na lingua literaria do século XIX o uso do infinitivo flexionado tivo unha relativa vitalidade, aínda que significativamente marcada por un grande desequilibrio entre unhas obras e outras (Gondar 1978: 139-140). Os estudos lingüísticos da época prestan dispar atención ao fenómeno. Así, Mirás (1864) e Cuveiro Piñol (1868) nin citan o infinitivo flexionado no paradigma verbal, e o traballo de Valladares (1970: 52-53) límitase a deixar constancia da súa existencia dentro dos paradigmas, mais non ofrece normas de uso. Por contra, Saco Arce (1868: 181-184) dedícalle un apartado específico na súa gramática e, após constatar a dificultade de determinar con exactitude os casos en que “puede ó debe usarse” a forma variábel ou a invariábel, fixa os criterios de uso e mostra unha intencionalidade prescritiva ao afirmar que o infinitivo toma

as desinencias persoais cando se utiliza como suxeito dunha cláusula e cando o infinitivo ten o valor de complemento circunstancial doutra oración e vai acompañado de preposición. Canto á aparición do infinitivo flexionado nos textos escritos decimonónicos, áchanse moitos exemplos, mais non sempre aparece naqueles contextos en que a gramática o prescribe. Obsérvase, pois, a subxacente interferencia morfosintáctica do castelán tamén neste caso. Pódese dicir que é após preposición cando este trazo máis xeralmente se manifesta: *virán á Compostela os piligrinos / á **fincárense** diante* (HP 25); *non cales e canta, / pra **manteres** inteiro en nosoutros* (AN 121); *Eu tiña que estar con Cataqui para **irmos** á casa de Varela* (EC 7). Mais en xeral na lingua literaria do XIX o infinitivo flexionado aparece en todos aqueles casos en que é posíbel e a desempeñar practicamente todas as funcións sintácticas: *¿A que santo **viraren** os ollos / un milagre pedindo que faga?* (AN 120); *cal querendo **bicaren** as covas* (OR 10); *e logo qué milagre **estares** n-a lameira?* (PB 37); *non sin **cobráren** nas vidas dos seus enemigos* (RA 133). É naqueles escritores decimonónicos que teñen unha maior ambición por construíren unha lingua literaria dotada de plena autenticidade onde o infinitivo flexionado aparece con máis profusión, sobrepasando mesmo nalgún caso o límite da gramaticalidade: *Rapaciña, si quixeres / **sacares** mozo d'a festa* (AL 101); *pois os rapaces soen **seren** do mesmo coiro do demo, amigos de se **mofaren** de todo e rebertes hasta non **poderen** mais* (RA 84). Inclusive nalgún caso aparecen os morfemas da terceira persoa de plural, talvez por seren os máis frecuentes, referidos a outra persoa gramatical, feito que pode denotar unha aprendizaxe deficiente da construción por parte de quen non tivo o galego como a súa lingua inicial, caso de Francisco A. de Nóvoa: *¿Cómo non **seren** gallego eu* (PB 15). O infinitivo flexionado é un vigoroso elemento estilístico dotado dunha grande expresividade, con múltiples e variadas posibilidades de utilización, como recoñece Saco Arce (1868: 184), aínda que a nota discrepante a este respecto a achemos

en Valladares (1970: 53), cuxa opinión negativa só é explicábel a partir da crenza na subordinación do galego ao español, e principalmente en M. R. Rodríguez (1900: 58), que se gaba de non ter achado na *Crónica Troiana* máis do que tres exemplos con formas do infinitivo flexionado, que cualifica como “aberración lingüística”.

Canto ao infinitivo xerundial, os primeiros testemuños claros que coñecemos desta construción corresponden ao século XIX, se ben cunha frecuencia de aparición bastante limitada. Neste século o infinitivo xerundial sen dúbida estaba vivo na fala, pois Saco Arce e Valladares, por exemplo, xa recollen nas súas gramáticas exemplos de perífrases con tal construción, aínda que o segundo as condena. Non rexistramos, porén, ningún caso na peza teatral *A casamenteira*, escrita en 1812 por Antonio Benito Fandiño e publicada en 1849, mais si aparece noutros textos literarios algo posteriores a formar perífrase, como en *A gaita gallega* de Pintos, de 1853: *que andou a ler muito tempo* (GG 34). En Mirás (1864) achamos algún exemplo de uso do infinitivo xerundial como construción autónoma: *pero como pareasia un lostrojo a fuxir, non poden apañar* (GM 61). No cancionero popular que xa Pérez Ballesteros tiña recompilado en 1884 atopamos o infinitivo xerundial en construcións non perifrásticas: *a chorar mollei un pano* (CPG I, 8); *A subila, a baixala, / a costa de Culleredo* (CPG I, 119); *deixou o pote a ferver* (CPG I, 170). Esta construción, porén, practicamente non ten presenza nos tres grandes poetas decimonónicos, onde só se podería achar algún caso moi excepcional.

Para terminar co verbo, farase unicamente unha referencia, dentro do variado cadro perifrástico do galego decimonónico, á perífrase *ter de + infinitivo*, hoxe xeralmente substituída na fala e na escrita pola fórmula *ter que + infinitivo*, con que compartilla os valores⁶. Da lectura dos textos do galego medio e do Rexurdimento, boa parte deles do ámbito do galego popular, tiramos a impresión de a fórmula *ter de + infinitivo* posuír un amplísimo uso como perífrase obrigatoria, uso que se

pon de manifesto, por exemplo, no cancionero popular e tamén nos textos galegos trasladados para o castelán. Vexamos algún exemplo do primeiro: *temos d'ir á romaría* (CPG II, 229); *Teño d'aprender á xastre* (CPG II, 233); *qu'hoxe teño de fiar* (CPG II, 283); *Teño d'ir ó Conde Santo* (CPG II, 292); *teño de seguir adiante* (CPG III, 10); *Tanto teño d'ir e vir* (CPG III, 21). Nun mesmo texto decimonónico pode combinar a construción con *que* ou *de* como elemento de enlace: *de que ten que lucir tarde ou cedo / d'un dia de gloria / feliz a alborada; / de que ten de chegar, cedo ou tarde / o Mayo frorido que tí desexaras* (AN 121). O mesmo Saco Arce (1868: 180-181), a pesar de afirmar que a construción só se utiliza na primeira persoa do presente de indicativo igual que en castelán, cando ten de procurar un exemplo de *ter que* + *infinitivo* cita este cantar popular: *Veña o pandeiro á ruar, / qu'estas son as mazarocas / qu'hoxe teño de fiar*.

3.5. Adverbio, preposición e conxunción

Canto aos adverbios, *asaz*, de carácter culto e arcaizante, aparece na lírica pondaliana: *soen asaz ser dos fillos / dos homes e duros casos* (QP 31); *Mais, anque son negros / seus velos asaz* (QP 171). A respecto de *máis*, convén precisarmos que, a acompañar certos cuantificadores, tradicionalmente tende a se colocar antes, posición moi presente na literatura popular decimonónica: *dálle máis unha pancada* (CPG I, 151); *dádelle máis unha volta* (CPG I, 152); *espera máis un pouquiño* (CPG III, 161). Os adverbios de dúbida presentan unha notábel variedade de formas: *dizque é un cielo o oílo tocar* (GG 14); *¡Seique tes pauto c'o Demo!* (LF 7); *e seica, seica tiven soidades* (FN 10); *¡Ou pinitencia quizaves!* (FL 33); *quizais é un imbécil* (AM 99); *Quezais é algún malvado* (QP 13).

Con relación ás preposicións, a interferencia do castelán, asemade combinada con certo afán diferencialista, fixo que na lingua literaria do XIX se asentasen algunhas provenientes normalmente da lingua popular: *Dend'estonces*

a coitada (F 78); *qu' antre toxos esquecida* / [...] *sin pensar en outro mundo* (CS 22). A preposición *até* ou *ata* non aparece nos textos decimonónicos, en consonancia co acontecido nos séculos precedentes, figurando no seu lugar *hasta*, *hastra* ou *astra*: *Así, pois, hastr' o domingo* (CH 55); *E hastra me insiña á bailar* (OA 59); *Do mesmo mundo hasta o fin* (PG 40). A forma *malia*, aínda que de aparición serodia e de dubidosa xénese galega, xa figura nos textos do XIX, por veces baixo a forma locutiva *mália de*, se ben en moitos casos ten valor interxectivo: *Trabouse a loita e, mália dos esforzos dos valentes gallegos* (RA 133); *tiveron medo, e fuxiron / coma si foran ovellas, / -¡máli' a sua valentía!-* / *atopando co-a doncela* (CS 14). Neste mesmo sentido, dentro das locucións prepositivas, convén facermos referencia ao caso de *cando a*, *onde a* e *xunto a*, popularmente (e tamén literariamente) convertidas en *canda*, *onda*, *xunta*: *qu' aunque d'onda ti partín* (CG 128); *aquí onde o río, na espesura fresca...* (FN 33). Cos nomes propios de persoa, aínda que cada vez máis se fai uso da preposición *a* no CD por influencia do castelán, a tradición literaria do XIX móstranos exemplos suficientes como para reafirmarmos a autoctonía da construción sen preposición, inclusive con nomes propios: *Que qués Técola ben sei* (SG 11); *-Aí tes Mella, un mal letrado [...]* / *-Aí tes Cesáreo Rodrigo* (DS 64); *estimaba de levar / Marica de par de min* (CPG I, 82); *Algún día quixen Pepa, / agora quero Marica* (CPG I, 160).

Por último, canto ás conxuncións, o uso de *e mais* como nexo copulativo é moi frecuente non só na lingua espontánea, senón tamén nos textos literarios decimonónicos: *Heiche de dar o boi branco / e mais a vaca marela, / e mais a filla máis nova* (CPG I, 107). Esta locución mesmo pode adquirir un valor exclamativo-ponderativo ou un valor entre adversativo e consecutivo, difícil de precisar, por veces baixo a variante vulgar *a mais*: *home, e mais é verdade* (GM 93); *á mais abofé, que pode ter boa memoria [...]* *á mais tes razón* (EC 7). Por fonética sintáctica, cando a conxunción *e* vai seguida de palabra

comezada por vogal, pode realizarse como *i* na fala, fenómeno trasladado á lingua literaria do XIX con moita frecuencia: *o alpendre de palla y-a roda d'a bica, / y-o berce d'o neno y-a cunca d'o sal* (CH 34). A conxunción copulativa **nen**, forma tradicional desde a época medieval, está presente na lingua literaria decimonónica ao lado de *nin*: **Nen** a negra inveja, / **Nen** a torpe saña (OA 98); *qu'a leyal ninguén te gana / nin a dilixente menos* (CH 70); **Nin** araña **nin** lagarto / **nen** tampouco becho algún (GG 167). Na lírica pondaliana aparece con frecuencia *mas* como conxunción adversativa: *Eles ledos t'acollen, mas no fondo / só teñen o sarcasmo; / eles rin..., mas na envidia / 'stan un ferro afiando* (POM 175). A forma *anque*, produto da interferencia do castelán, ten unha ampla presenza na lingua literaria decimonónica: *Pero tí, canciño, miras... / y-anque ves, e non es lerdo* (CH 71); *anque non fora sinon po-lo ollo* (EC 7). Como conxuncións condicionais poden aparecer *se* e a castelá *si*, tendo tamén en conta que a elisión vocálica en moitos textos do XIX oculta a presenza desta forma: *se non te casas conmigo* (CPG I, 16); *Si triste, lamesm' as maus; s'alegre, ti, brincadeiro* (CH 70). Entre as temporais son frecuentes *entanto* e *entretanto*: *-Mais entanto ti dormías / contenteime con mirarte* (CG 30); *Alá fóra, no entretanto* (DS 54). *Cal*, como conxunción, non é difícil achármola clasificada entre as comparativas, se ben en moitos casos tirados da nosa tradición literaria decimonónica, máis parece identificarse co valor modal: *Vente a min así núa cal naceste* (GG 18); *así estarei cal me deixare a morte* (FN 12).

4. Conclusión

O sistema decimonónico de representación gráfica dos fonemas é, en xeral, moi dependente do español e pon de manifesto fundamentalmente dous posicionamentos controvertidos e polémicos: o dos etimoloxistas e antietimoloxistas no uso de *j*, *g* ou *x* para a representación do son fricativo prepalatal xordo, e, en menor medida, o dos

defensores de *ao* ou *ó* para a representación da contracción entre preposición e artigo; os segundos posicionamentos, por seren de máis fácil aplicación ou máis achegados á realización fonética, resultan maioritarios. O modelo gráfico do XIX tamén tende a reproducir con máis ou menos fidelidade os trazos característicos da fala popular.

A respecto do plano fonético da lingua literaria decimonónica hai que subliñar as múltiples alteracións do vocalismo, nomeadamente átono, que se reflicten nos textos literarios sobre todo cara á última etapa do século, aquela que se pode denominar como 'enxebriста', onde aparecen casos extremos de modificación case sistemática do timbre vocálico por acción de dous factores que se superpoñen: o desnortado intento de aproximación á fala popular máis rústica e iletrada, e o afán diferencialista a respecto do castelán; isto repercute así mesmo nos ditongos e nas vocalizacións de determinados grupos consonánticos. Tamén son dignos de seren resaltados, agora en textos da primeira parte do século principalmente, dous fenómenos fonéticos que afectan o consonantismo e que se utilizan como trazos caracterizadores da fala rústica e vulgar: a gheada en primeiro lugar e, en menor medida, o seseo explosivo, pois o implosivo pode aparecer ao longo de todo o século sen especiais connotacións. Por outra parte, os textos literarios decimonónicos tenden a reflectir en grande medida moitos dos fenómenos de fonética sintáctica que se producen na fala e que afectan o vocalismo principalmente, mais tamén o consonantismo, postos en relevo polo abuso de apóstrofos e trazos que proliferan máis na segunda metade do século.

No tocante ao plano morfosintático, deben destacarse dúas liñas operantes en todos os apartados que se puideren establecer, tamén presentes nos outros planos: por unha parte, autoctonía e autenticidade en moitos solucións morfolóxicas e sintácticas adoptadas nos textos (formación do plural e distribución de xénero masculino / feminino nos nomes, alternancias vocálicas no presente de indicativo de certos verbos, uso do infinitivo flexionado e

do futuro de subxuntivo, interpolación pronominal, etc.), e por outra parte, interferencia constante da única lingua oficial na altura, que conduce a solucións opostas ás tradicionais e coincidentes co castelán. En liñas xerais, obsérvase unha deriva cara ao castelán tanto en aspectos formais de palabras gramaticais de uso moi frecuente (algúns pronomes, preposicións e conxuncións, por exemplo), como en diferentes usos e construcións (certas colocacións de pronomes persoais átonos, usos e valores de tempos verbais, perífrases verbais, uso de preposición co complemento directo, etc.). Aínda que as estruturas morfosintácticas do galego decimonónico son en xeral as que mellor resisten a presión do español, moitas construcións tipicamente galegas van sendo paulatinamente postergadas e substituídas por outras coincidentes coas da lingua castelá.

Notas

¹ Este artigo realizouse no marco do proxecto de investigación *A formación da lingua literaria galega no século XIX*, subsidiado pola Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Xunta de Galiza [PGIDT01PX110402PR]. As referencias bibliográficas e as abreviaturas correspondentes ao corpus literario do XIX figuran ao final do artigo que vén a seguir, da autoría de Xosé Manuel Sánchez Rei.

² Aínda que este autor curiosamente si reproduce a gheada con formas do verbo *trajer*, como *trajerllas*, *trajía(n)*, *trajen*, *trajelo* (Marco 1978: 470).

³ Tradición seguida tanto en Portugal como no Brasil, onde tamén é bastante frecuente a elisión vocálica en textos literarios modernos, aínda que quizais non coa intensidade con que se deu entre nós por razóns sociolingüísticas. Véxase Silveira (1971: 10-11), quen, despois de afirmar que a elisión, sobre todo na preposición *de*, parece que dá máis vigor á expresión, e despois de desbotar a falsa idea de que no Brasil só se faga a elisión en expresións estereotipadas do tipo de *copo d'água*, *pau d'arco* ou *minh'alma*, asegura: “a nossa língua literária, sobretudo a do tempo dos românticos, oferece larga documentação da elisão”; no seu estudo áchase numerosísimos exemplos, tirados de obras literarias, que fundamentan tal afirmación.

⁴ Para o plural dos nomes acabados en *-l* e en *-n* en Rosalía de Castro,

Xosé Ramón Freixeiro Mato

véxase Carballo Calero (1972: 17-38).

⁵ Para a distribución dialectal de *tu / ti* e *el / il* véxase Fernández Rei (1991: 71-74); para todas as formas pronominais véxase Fernández Rei (1991: 67-80). Para a orixe e evolución histórica dos pronomes persoais véxase Ferreiro (1999: 243-253).

⁶ Porén, en Álvarez, Regueira & Monteagudo (1986: 407) establécese unha distinción de matiz non fácil de perceber, pois dise que *ter que + infinitivo* “expresa un deber xeral”, en tanto que *ter de + infinitivo* indica “unha acción de cumprimento obrigatorio pendente”. En ambos os traballos se resalta o carácter literario da construción. Véxase tamén Costa, González, Morán & Rábade (1988: 226): “*Ter de* e *Ter que* son sinónimas; a construción con *de* é máis habitual nos rexistos formais da lingua”.